


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
CURSO 2021.22
4º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

- 1.- Introducción páx 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 3
- 3.- Concreción para cada estándar: páx 4
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.- Concrecións metodolóxicas páx 9
- 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizarpáx 10
- 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación.....páx 10
- 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente páx 11
- 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, De ser o caso.....pax 12
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados páx 12
- 10.- Medidas de atención á diversidade páx 12
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso páx 13
- 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora páx 13

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 3 da programación.

3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	Programación 2021-22		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Lingua Castelá (LC)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar							
LC-B1.1	4º-LCB1.1.2 - Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA CSC
LC-B1.2	4º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL
LC-B1.3	4º-LCB1.3.2 - Participa	Participa activamente nas tarefas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.	de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.				INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CSC CSIEE
LC-B1.5	4º-LCB1.5.1 - Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CAA
LC-B1.5	4º-LCB1.5.2 - Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos).	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CAA
LC-B1.5	4º-LCB1.5.3 - Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL
LC-B1.7	4º-LCB1.7.1 - Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e	Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CAA CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	prescritivos).						
LC-B1.8	4º-LCB1.8.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.</p>	CCL CAA CSC CSIEE
LC-B1.9	4º-LCB1.9.1 - Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información	Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL CD CAA
LC-B1.9	4º-LCB1.9.2 - Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.	Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CSC
Bloque 2: Comunicación escrita: ler							
LC-B2.1	4º-LCB2.1.1 - Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade	Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL
LC-B2.3	4º-LCB2.3.5 - Interpreta mapas conceptuais sinxelos.	Interpreta mapas conceptuais sinxelos.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CCA
LC-B2.3	4º-LCB2.3.6 - Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.	Iníciase na utilización autónoma do dicionario, no seu traballo escolar.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL CCA
LC-B2.5	4º-LCB2.5.2 - Localiza na biblioteca de aula e	Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CCL CD CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.	gusto persoal e intereses.				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
LC-B2.5	4º-LCB2.5.3 - Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero.	Identifica o argumento de lecturas realizadas .	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CAA
LC-B2.8	4º-LCB2.8.1 - Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CD CAA
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir							
LC-B3.1	4º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións,	Escribe textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CD CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	normas.						
LC-B3.1	4º-LCB3.1.4 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CAA
LC-B3.2	4º-LCB3.2.1 - Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL CSC
LC-B3.5	4º-LCB3.5.2 - Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	Elabora con creatividade textos breves do seu interese.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CD CAA CSIEE
LC-B3.8	4º-LCB3.8.1 - Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CSIEE
Bloque 4: Coñecemento da lingua							
LC-B4.1	4º-LCB4.1.1 - Coñece e reconece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.	Coñece e reconece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CCL

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Actividade lectiva presencial.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente inclusiva (potenciando os patios dinámicos), activa (partindo da investigación e experimentación tendo como referencia o PDI) e participativa (fomentando a comunicación no traballo cooperativo) co fin de alcanzar os obxectivos e as competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo cando as circunstancias o permitan.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus diferentes aspectos, para construír a partir de ahí, outros aprendizaxes que favorezcan e melloren dito nivel de desenvolvemento. Subliñar a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias básicas e específicas por medio do traballo que se levará a cabo nas diferentes áreas.

Actividade lectiva semipresencial.

A metodoloxía no caso de que a educación sexa semipresencial consistirá en subir os contidos a aula virtual de xeito planificado, empregar o libro de texto dixital, realizar explicacións mediante vídeos educativos e realizar videochamadas a través de webex para ter contacto co alumnado e solucionar algunha dúbida puntual, nunca como método para realizar clases online.

Actividade lectiva a distancia.

Empregarase a aula virtual e videochamadas a través de Webex seguindo un horario espello no cal se indican as horas ás que se debe conectar o alumnado. Este horario a distancia é de obrigado cumprimento, polo tanto, controlase a asistencia do alumnado, de xeito que, se o/a alumno/a non se conecta procederá a marcárselle como falta de asistencia, sendo xustificable so polos motivos que se establecen no NOFC.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto
- Material manipulativo (revistas, xornais, moedas, reloxos....)
- Fichas de reforzo, ampliación e control.
- Caderno de traballo.
- Biblioteca do centro.
- Novas tecnoloxías (tablets, ordenadores, robótica, radio escolar, páxinas webs...)
- Producións plásticas
- Biblioteca de aula.
- Audios e videos interactivos.
- Xogos didácticos e lúdicos.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será sistemática, continua, formativa e integradora.

Teráanse en conta as avaliacións inicial, continua, formativa e final sen esquecer a nosa propia autoavaliación.

A avaliación ordinaria será a mesma nota da terceira avaliación ou máis alta.

Os criterios sobre a avaliación serán os recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación presencial:

-Avaliación actitudinal: 20% (Atención e interese: 10%; respecto das normas de convivencia: 10%)

-Avaliación conceptual: 80%

- Probas: Expresión e comprensión oral e escrita: 30%

Adquisición de contidos: 20%

- Actividades diarias (Libretas, esquemas, traballos investigación, traballo grupal...): 30%

-As probas calificaránse sobre 10 puntos. Os resultados expresaránse da seguinte maneira: de 0-4

puntos –IN, de 5puntos SU -6puntos BE, de 7-8puntos NO de 9-10 puntos SB.

- Estableceranse 2/3 probas ao longo de cada trimestre.

Avaliación non presencial:

As probas poderán ser substituídas por fichas, tarefas, actividades interactivas... que deberán ser entregadas no prazo estipulado. Os criterios de cualificación serán os mesmos criterios que na avaliación ordinaria presencial agás nos estándares que se refiren á participación directa e oral nas actividades de aula

REQUISITOS DE PROMOCIÓN

1º- Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º- Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da práctica docente teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- Aprendizaxes alcanzados polo alumnado
- Grao de desenvolvemento da programación e adecuación ao alumnado
- Medidas de atención a diversidade aplicadas
- Clima de traballo na aula
- Coordinación con todo o equipo docente

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica cara ao alumnado repetidor, serán tanto organizativos como curriculares, retomar e secuenciar contidos de unidades anteriores, prestar axuda na execución de exercicios ou na toma de decisións. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Este plan específico de reforzo pretende dar un sustento as aprendizaxes do alumno de tal forma que non experimente desgana por repetir contidos, así como reforzar as relacións con novo grupo de alumnos.

- Levarase a cabo un traballo individualizado segundo as súas necesidades.

- Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu axeitado progreso.

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial desenvolverase no mes de setembro. Principalmente valorarase a través de probas escritas as competencias lingüística e matemática e mediante a observación directa, xogos e actividades orais o resto das materias.

Será unha avaliación informativa para partir dos coñecementos previos do alumnado.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No centro, no caso de que existan nenos/as con NEAE, presentarase unha atención individualizada. Contaremos cun banco de actividades tanto de reforzo como de ampliación. Ademais no caso de ser necesario, solicitaremos a colaboración do Departamento de Orientación e dos especialistas de

Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Tamén contamos coa posibilidade de pedir axuda o E.O.E. (equipo de orientación específica).

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Partindo dos elementos transversais do currículo traballaremos: A comprensión lectora (diferentes tipos de textos, xornais, búsqueda de información, lecturas inferenciais...) , a expresión oral e escrita (debates, asembleas, presentacións...) a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación (creación de vídeos, uso da radio, slogan, actividades online, uso da aula virtual...), o emprendemento e a educación cívica e constitucional (toma de decisións, deseño de actividades, participar no proxecto voz natura, reciclaxe, respetar o medio ambiente...), traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizarase, como mínimo, unha saída trimestral de carácter pedagóxico e tamén participaremos nas conmemoracións establecidas na orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As propostas de saídas para este curso son:

- Museo de Bellas Artes
- Carreira ENKI
- Visita CORAX

Estas saídas poden ser modificadas atendendo tanto ao currículo como a situación sanitaria provocada pola COVID 19.